

CURSO DE MONITORES-INICIADORES DE SURF, LONGBOARD E BODYBOARD

CONVOCATORIA

A Federación Galega de Surf convoca o **“Curso de Monitores-iniciadores de surf, longboard e bodyboard”**, que acredita que o titular posúe as competencias precisas para iniciar ao surf as persoas que así o desexen, garantindo a súa seguridade.

OBXECTIVOS

Esta titulación capacita o/a monitor/a para:

- Organizar e desenvolver axeitadamente unha clase de iniciación ao surf, longboard e bodyboard
- Instruír aos alumnos sobre as técnicas e tácticas básicas do surf, longboard e bodyboard
- Ensinar a utilización dos materiais específicos do surf, longboard e bodyboard
- Ensinar e facer cumprir as normas básicas do regulamento de surf
- Garantir a seguridade dos practicantes e se fose preciso aplicar os primeiros auxilios.

ESTRUCTURA CURSO DE MONITOR-INICIADOR

Inicio do curso o Sábado ás 9:00

Remate do curso o domingo ás 14:00

Contidos:

Sábado 28

-Área de comportamento e aprendizaxe

-Área de primeiros auxilios

-Área de coñecemento do medio e o entorno

-Área de didáctica

-Área de táctica e regulamento de surf

Domingo 29

-Área de técnica básica do bodyboard

-Área de técnica básica do surf e longboard

-Iniciación á práctica

• AVALIACIÓN.

Os alumnos terán que realizar unha unidade didáctica de iniciación, podendo consultar os apuntes e documentación que sexa precisa. As unidades didácticas deberán entregarse antes da data límite.

REQUISITOS INSCRIPCIÓN

- Idade mínima 16 anos (os menores de idades precisan permiso paterno).
- Título de Graduado en Educación Secundaria ou proba de madurez complementaria aprobada.
- Licenza Deportiva da Federación Galega de Surf do ano en curso.
- Ter un dominio básico no medio acuático (recomendado: deportistas practicantes de surf, longboard ou bodyboard).
- Certificado médico oficial
- Fotocopia do D.N.I.
- Número de alumnos: mínimo 15 e máximo 35.

DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN:

• Presentación e inicio do curso28 Xuño
(A Coruña -Centro por confirmar)

• Formación práctica.....29 de Xuño
(A Coruña -Praia de Bastiagueiro)

• Avaliación Ata o 19 de Xulio
(na Federación Galega de Surf)

PREZO DO CURSO

A inscrición no curso, inclúe documentación do curso: 60€
(50% desconto para mulleres)

INSCRIPCIÓN

Inscrición do curso: Ata o mércores 25 de Xuño de 2008.

Condicións de pago:

Mediante ingreso ou transferencia bancaria a nome da Federación Galega de Surf na conta de Caixa Galicia: 2091-0567-74-3040003179

Sinalando CURSO DE MONITOR-INICIADOR e o nome e apelidos do alumno.

Co impreso de inscrición deberá adxuntar:

- Fotocopia do ingreso bancario.
- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia cotexada da titulación académica.
- Certificado médico oficial.

A documentación deberase entregar ou enviar a Federación Galega de Surf.